

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C2 MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE

EXERCICIO TIPO TEST

O exercicio consta de **50 preguntas** tipo test con catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta, sobre os temas contidos no **Anexo I**, de conformidade coas bases da convocatoria.

O tempo máximo de contestación será de **60 minutos**.

O exercicio é **eliminadorio**.

Cada resposta **acertada** valorarase con **0,20 puntos**.

Cada resposta errada suporá unha penalización de **(-) 0,10 puntos**.

A cualificación do exercicio será **de 0 a 10 puntos**, e deberase obter un **mínimo de 5 puntos para superalo**.

Marque cun círculo a resposta que crea correcta.

No caso de que se equivoque, tache cunha cruz o círculo realizado, e se o desexa, volva marcar cun círculo a opción elixida.

As preguntas sen contestar ou contestadas en máis dunha das alternativas entre as cales una das respostas sexa a correcta non se puntuarán.

As preguntas 51 - 54 deben ser contestadas como o resto do test. Pero a súa valoración só se producirá no caso de que o Tribunal anule algunha das preguntas 1 - 50. No caso de que se anule unha soa pregunta, procederase á valoración da pregunta 51 e así sucesivamente.

Lea detidamente as preguntas.

Consulte as súas dúbidas cos membros de Tribunal.


MOI IMPORTANTE: Non identifique o seu exercicio co seu nome e apelidos nin coa súa sinatura.

Entregóuselle un folio con un número.

No folio deberá cubrir o seu **nome, apelidos e número de DNI**, así como enderezo de **correo electrónico e teléfono**.

Deberá escribir no círculo na esquina superior dereita en todas as páxinas do exercicio o número asignado no folio onde figura o súa identificación.





1. ¿Cal dos seguintes dereitos constitucionais non ten a consideración de fundamental?

- a) O dereito á produción artística
- b) O dereito e elixir libremente a súa residencia.
- c) O Dereito á propiedade privada e á herdanza.
- d) Os dereitos das letras a) e b) non son fundamentais.

2. Segundo o artigo 137 da Constitución Española, o Estado organizase territorialmente en:

- a) Concellos, Deputacións Provinciais e administracións autonómicas.
- b) Municipios, Provincias e illas e Comunidades Autónomas que se constituán
- c) Municipios, Provincias e Comunidades e Cidades Autónomas que se constituán
- d) Municipios, Provincias e Comunidades Autónomas que se constituán.

3. Cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- a) Corresponde ao Goberno a elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado, e ás Cortes Xerais o seu exame, enmenda e aprobación.
- b) O Tribunal de Contas é o supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado, así como do sector público
- c) A potestade orixinaria para establecer tributos corresponde exclusivamente ao Estado e ás Comunidades Autónomas, mediante lei.
- d) Os Orzamentos Xerais do Estado terán carácter anual

4. O Estatuto de Autonomía de Galicia estrutúrase en:

- a) Sete Títulos numerados, dúas disposicións adicionais, e nove disposicións transitorias
- b) Un Título Preliminar, cinco Títulos numerados, catro disposicións adicionais e sete disposicións transitorias
- c) Un Título Preliminar, sete Títulos numerados, dúas disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final
- d) Ningunha das respostas é correcta.

5. ¿Quen gozan da condición política de galegos, segundo o artigo 3.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan vecindade administrativa en calqueira dos concellos de Galicia
- b) Todas as persoas que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan vecindade administrativa en calqueira dos concellos de Galicia.
- c) Os españois que, de acordo coas leis do Parlamento galego, teñan vecindade administrativa en calqueira dos seus concellos.
- d) Os españois que, de acordo coas leis do Parlamento galego, teñan vecindade política en calqueira dos seus concellos.


6. Segundo a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos, independentemente ou asociados, prestarán, como mínimo os seguintes servizos:

- a) En todos os concellos: Iluminación pública, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso ós núcleos de poboación, tratamento de residuos.
- b) En todos os concellos: Iluminación pública, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso ós núcleos de poboación, protección civil.
- c) En todos os concellos Iluminación pública, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso ós núcleos de poboación, servizos sociais.
- d) Ningunha é correcta.

7. ¿Cal é o quórum para a celebración dunha sesión do Pleno do Concello?

- a) Un tercio do número de feito de concelleiros.
- b) Dous terzos do número legal de concelleiros.
- c) Maioría absoluta do número legal de concelleiros.
- d) Ningunha resposta é correcta.





8. Segundo a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o termo municipal é o territorio no que o Concello exerce as súas competencias. O exercicio de competencias fora do termo municipal conlevará:

- a) A anulabilidade da actuación a instancia do concello afectado, agás nos supostos de tática autorización do concello limítrofe, ó abeiro dunha norma específica.
- b) A nulidade radical da actuación por manifesta incompetencia, agás nos supostos nos que as potestades municipais se exerzan mancomunada ou consorciadamente, ó abeiro dunha norma específica.
- c) A nulidade radical da actuación por manifesta incompetencia, agás nos supostos nos que as potestades municipais poidan, ó abeiro dunha norma específica, exceder o propio termo.
- d) A nulidade radical da actuación por manifesta incompetencia, agás nos supostos nos que as potestades municipais se exerzan mancomunadamente, ó abeiro dunha norma específica.

9. Segundo a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias,

- a) Deberá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.
- b) Poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.
- c) Poderá promover somentes toda clase de actividades da súa estrita competencia, que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.
- d) Deberá promover toda clase de actividades e prestar unicamente aqueles servizos públicos que poida asumir garantindo o principio de estabilidade orzamentaria

10. Indique cal das seguintes atribucións do alcalde non pode ser delegada.

- a) A de representación do Concello.
- b) Ordear a publicación, execución e cumprimento dos acordos municipais
- c) A separación do servizo dos funcionarios e o despido do persoal laboral
- d) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

11. ¿Cal das seguintes atribucións non corresponde ao Pleno da Deputación Provincial?

- a) O desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado
- b) A aprobación da plantilla de persoal.
- c) A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público
- d) A aprobación dos plans de carácter provincial


12. Entre a convocatoria e a celebración da sesión da Xunta de Goberno Local non poderá transcurrir menos de:

- a) Vintecatro horas
- b) Coarenta e oito horas, salvo no caso das sesións extraordinarias.
- c) Vintecatro horas, salvo no caso das sesións extraordinarias e urxentes.
- d) Ningunha resposta é correcta.

13. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ten por obxecto regular (sinala a incorrecta):

- a) Os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.
- b) O procedemento administrativo común a todas as Administracións Públicas, incluíndo o sancionador e o de reclamación de responsabilidade das Administracións Públicas
- c) As bases do réxime xurídico das Administracións Públicas
- d) Os principios aos que se terá que axustar o exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria.





14. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas aplícase ao sector público que comprende (sinala a incorrecta):

- a) A Administración xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas
- b) As entidades que integran a Administración local
- c) O sector público institucional
- d) O sector privado corporativo

15. De acordo coa Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o contido dos actos administrativos

- a) Axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e adecuado aos seus fins.
- b) Será sempre de carácter xurídico e deberá axustarse ao ordenamento xurídico.
- c) Axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e non pode ter carácter retroactivo
- d) Procede sempre dunha Administración Pública, aínda cando actúa como persoa xurídica de dereito privado.

16. As Administracións Públicas actúan para o cumprimento dos seus fins, con:

- a) Personalidade xurídica unívoca.
- b) Personalidade xurídica plena.
- c) Personalidade xurídica única.
- d) Personalidade xurídica propia.

17. As Administracións Públicas serven con obxectividade aos intereses xerais, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito e actúan de acordo cós principios de:

- a) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
- b) Eficiencia, legalidade, descentralización, desconcentración e cooperación.
- c) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e descoordinación.
- d) Eficiencia, xerarquía, descentralización, desconcentración e cooperación.

18. Os ditames das Comisións Informativas, teñen carácter:

- a) Preceptivo e vinculante.
- b) Únicamente preceptivo.
- c) Potestativo e vinculante.
- d) Preceptivo e non vinculante.

19. As Administracións Públicas deberán respetar na súa actuación y relacións os seguintes principios:

- a) Simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns.
- b) Participación, obxectividade e transparencia da actuación administrativa.
- c) Responsabilidade pola xestión pública.
- d) Todas son correctas.


20. Segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, ao presidente do órgano colexiado, non lle corresponde:

- a) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias.
- b) Fixar a orde do día.
- c) Expedir certificacións das consultas, dictames e acordos aprobados.
- d) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

21. Os rexistros electrónicos das Administracións Públicas deben permitir a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións:

- a) Todos os días hábiles do ano durante as 24 horas.
- b) Todos os días do ano durante as 24 horas.
- c) Todos os días laborais en horario presencial de oficina.
- d) Todos os días do ano de 08.00 a 15.00 horas





22. O medio elixido pola persoa para comunicarse cos Administracións Públicas.

- a) Non poderá ser modificado de xeito unilateral polo interesado.
- b) Non poderá ser modificado con posterioridade ao trámite de audiencia.
- c) Únicamente poderá ser modificado cando de non facelo se corra o risco de non alcanzarse as pretensións do interesado
- d) Ningunha resposta é correcta**

23. No suposto de que a Alcaldía delegara unha das súas competencias na Xunta de Goberno. ¿Pode o alcalde nun caso concreto reclamar e resolver sobre un asunto obxecto da delegación?

- a) Sí, mediante a avocación.**
- b) Sí, mediante a revogación.
- c) Non, nunca. A delegación é irrevocable.
- d) A Alcaldía non pode delegar na Xunta de Goberno, o Pleno sí.

24. De acordo co artigo 70 da Ley 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas; sinala a resposta incorrecta:

- a) O expediente administrativo é o conxunto ordenado de documentos e accións que serven de fondo e base para a resolución administrativa, así como as dilixencias encaminadas a executala.
- b) Os expedientes poderán terán formato electrónico e formaranse mediante a agregación ordenada de cantos documentos, probas, ditames, informes, acordos, notificacións e demais dilixencias deban integralos.
- c) Tamén formará parte do expediente administrativo a información que teña carácter auxiliar ou de apoio, como a contida en aplicacións, ficheiros e bases de datos informáticas.**
- d) Cando en virtude dunha norma sexa preciso remitir o expediente electrónico, farase de acordo có previsto no Esquema Nacional de Interoperabilidade

25. Segundo o artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que:

- a) Fora efectivamente realizado dentro do prazo de execución.
- b) Fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de execución.
- c) Fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.**
- d) Todas as respostas son incorrectas.

26. Segundo a normativa de subvencións, en relación coas subvencións públicas, en ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os gastos de garantía bancaria.
- b) Os gastos de procedementos xudiciáis.**
- c) Os gastos de asesoría financeira.
- d) Os gastos de asesoría xurídica.


27. Segundo o artigo 53 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público os empregados públicos:

- a) Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os sus servizos.
- b) Absteranse naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal.
- c) Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada.
- d) Todas as respostas son correctas**

28. Dacordo có artigo 48 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público: cando sexa en distinta localidade, a enfermidade grave dun familiar de terceiro grao de afinidade ou consanguinidade, dará dereito a un permiso de:

- a) Cinco días hábiles.
- b) Catro días hábiles.





c) Determinarase no convenio colectivo do concello, no seu caso.

d) Non da dereito a permiso.

29. Os funcionarios da Corporación local están suxeitos a.

a) Responsabilidade civil, penal e do Tribunal de Contas.

b) Responsabilidade civil, sancionadora e disciplinaria.

c) Con carácter xeral á responsabilidade disciplinaria, civil e penal, polo desempeño do seu posto de traballo.

d) Con carácter xeral á responsabilidade disciplinaria, civil e penal, por calqueira actuación persoal ou no desempeño do seu posto de traballo.

30. ¿Cal é a xornada de traballo dos funcionarios da Administración Local?

a) A que fixe o pleno do Concello.

b) A que fixe a Xunta de Persoal, de acordo có delegado de Persoal.

c) A que, en cómputo anual, se fixe para os funcionarios da Administración do Estado.

d) Todas as respostas son correctas.

31. A plantilla de persoal de cada Corporación local deberá ser aprobada:

a) Anualmente, a través do presuposto, é dicir, con ocasión da aprobación do mesmo.

b) Anualmente, comprendendo só os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral

c) Compreendendo todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, con posterioridade á aprobación do presuposto.

d) Polo alcalde os Xunta de Goberno local, en caso de delegación da competencia.

32. Aprobado inicialmente o presuposto xeral, exporase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia por 15 días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Segundo o artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis, poderase reclamar por:

a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesa Lei.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas coa mancomunidade de que o concello forme parte, no seu caso.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os gastos con relación aos ingresos presupostados en calqueira caso.

d) Ningunha resposta é correcta

33. Segundo o Texto Refundido da Lei de Facendas locais, ¿Qué documentos deberán unirse ao presuposto da Entidade Local formado polo seu presidente?

a) A memoria explicativa do seu contido.

b) O anexo de persoal e o anexo de inversións a realizar no exercicio.

c) Un informe económico-financeiro.

d) Todas as respostas son correctas.

34. De acordo coa clasificación económica do orzamento de ingresos, os ingresos por operacións correntes da entidade local, veñen dados:

a) Pola suma dos capítulos un, dous e tres.

b) Pola suma dos capítulos un, dous, tres e catro.

c) Pola suma dos capítulos un a cinco

d) Pola suma dos capítulos un a cinco, menos os intereses devengados

35. Cal das seguintes NON é unha modificacións de crédito segundo o Texto refundido da Lei de Facendas Locáis


a) A concesión de crédito extraordinario

b) O crédito retroactivo

c) O Suplemento de crédito

d) A xeneración de crédito





36. En relación coa liquidación do orzamento sinala a afirmación incorrecta.

- a) As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu presuposto antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.
- b) A aprobación da liquidación do presuposto corresponde ao presidente da entidade local, previo informe da Intervención.
- c) A aprobación da liquidación publicárase mediante a inserción dun edicto no Boletín Oficial da provincia.
- d) Da liquidación do presuposto, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

37. Con relación á Conta Xeral do Presuposto da entidade local sinala a resposta incorrecta:

- a) Rendida polo presidente, será sometida antes do día 1 de xuño ao informe da Comisión Especial de Contas.
- b) Có informe da Comisión Especial, será exposta ao público por prazo de 30 días
- c) Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ao Pleno da corporación, para ser aprobada antes do día 1 de outubro.
- d) Unha vez que o Pleno a aprobe ou rexeite, o presidente da corporación a renderá ao Tribunal de Cuentas.

38. El importe de las sanciones o multas recaudadas por las administraciones son ingresos:

- a) Ingresos no tributarios.
- b) Ingresos de derecho privado coactivos
- c) Ingresos ordinarios.
- d) Ingresos tributarios.

39. Son recursos das facendas locais enumerados no artigo 2 do RD Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais:

- a) As subvencións.
- b) A participación nos tributos do Estado, das Comunidades Autónomas e das Deputacións.
- c) O produto das operacións de crédito.
- d) As respostas a) e c) son correctas.


40. O procedemento para a probación dunha ordenanza fiscal é o seguinte:

- a) Aprobación inicial polo Pleno, información pública polo prazo mínimo de vinte días para a presentación de reclamacións e suxerencias. Resolución de todas as reclamacións e aprobación definitiva pola Alcaldía.
- b) Aprobación inicial polo Pleno, información pública polo prazo mínimo de vinte días para a presentación de reclamacións e suxerencias. Resolución de todas as reclamacións e aprobación definitiva polo Pleno.
- c) Aprobación provisional polo Pleno, información pública polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias. Resolución de todas as reclamacións e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario
- d) Aprobación provisional polo Pleno, información pública polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias. Resolución de todas as reclamacións e aprobación definitiva pola Alcaldía.

41. O Imposto sobre bens inmóbles.

- a) É un tributo propio, directo de carácter persoal.
- b) É un tributo propio, directo de carácter real.
- c) É un tributo directo, persoal e progresivo
- d) É un tributo cedido e progresivo.





42. Os tributos propios das Entidades locais clasifícanse en:

- a) Taxas, Impostos e contribucións especiais.
- b) Taxas, contribucións especiais, impostos e os recargos esixibles sobre os Impostos das Comunidades Autónomas ou doutras entidades locais.
- c) Impostos, taxas, contribucións especiais e prezos públicos.
- d) Impostos, taxas, contribucións especiais, prezos públicos e os recargos esixibles sobre os Impostos das Comunidades Autónomas.

43. Segundo a Lei 9/2017, de contratos do sector público, considéranse contratos menores os de valor estimado inferior a:

- a) 18.000 €, nos contratos de servizos e subministrados; ou 40.000 € nos contratos de obras.
- b) 40.000 €, nos contratos de servizos e subministrados; ou 15.000 € nos contratos de obras.
- c) 15.000 €, nos contratos de servizos e subministrados; ou 30.000 € nos contratos de obras.
- d) Ningunha resposta é correcta.

44. Segundo a Lei 9/2017, de contratos do sector público, os contratos menores:

- a) Non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga.
- b) Non poderán ter unha duración superior a dous anos, nin ser obxecto de prórroga.
- c) Non poderán ter unha duración superior a un ano incluída a prórroga.
- d) Non poderán ter unha duración superior a dous anos incluídas as prórrogas.

45. En relación as licenzas urbanísticas, sinala a resposta correcta:

- a) A competencia para conceder as licenzas corresponde aos municipios e Deputacións provinciais, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local.
- b) A denegación das licenzas urbanísticas poderá ser motivada, con referencia xenérica ás normas ou determinacións do planeamento urbanístico que se incumplan
- c) As licenzas urbanísticas deben concederse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- d) En casos excepciónais entenderanse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística


46. Os prazos para a execución das obras amparadas por unha comunicación previa, sinala a resposta correcta:

- a) O prazo para o inicio e remate das obras, poderán exceder de 3 meses e 1 ano respectivamente
- b) O prazo para o inicio e remate das obras, non poderán exceder de 3 meses e 1 ano respectivamente.
- c) O prazo para o inicio e remate das obras, poderán exceder de 6 meses e 2 anos respectivamente
- d) O prazo para o inicio e remate das obras, non poderán exceder de 6 meses e 2 anos respectivamente

47. De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os traballadores y los empregados públicos terán dereito á desconexión dixital a fin de garantir:

- a) Fora do tempo de traballo legal o convencionalmente establecido o respecto do seu tempo de descanso, permisos e vacacións, salvo a súa intimidade persoal e familiar.
- b) Dentro e fora do tempo de traballo legal o convencionalmente establecido o respecto do seu tempo de descanso, permisos e vacacións, salvo a súa intimidade persoal e familiar.
- c) Dentro e fora do tempo de traballo legal o convencionalmente establecido o respecto do seu tempo de descanso, permisos e vacacións, así como da súa intimidade persoal e familiar.
- d) Fora do tempo de traballo legal o convencionalmente establecido o respecto do seu tempo de descanso, permisos e vacacións, así como da súa intimidade persoal e familiar.





48. De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Cando se pretenda fundar o tratamento dos datos no consentimento do afectado para unha pluralidade de finalidades será preciso que conste de xeito específico e inequívoco que dito consentimento se outorga:

- a) Para todas elas.
- b) Por un periodo de tempo limitado.
- c) De xeito irrevocable.
- d) Por causa de interese público

49. ¿Qué combinación de teclas nos permite cambiar o tamaño da fonte?

- a) Ctrl + Mayús + N
- b) Ctrl + Alt + M
- c) Ctrl + Mayús + M
- d) Ctrl+ Alt + N

50. En Excel ¿Podemos corrixir a ortografía e a gramática?

- a) Só a ortografía.
- b) Non se dispón desa opción.
- c) Ambas opcións.
- d) Só a gramática.

PREGUNTAS DE RESERVA

51. En relación aos contratos. Cando só se utilice un único criterio de adjudicación. Este, seleccione unha:

- a) Será o prezo ou o ciclo de vida.
- b) Só poderá ser o prezo.
- c) Deberá estar relacionado cos custes e deberá xustificarse no expediente a elección dun único criterio.
- d) Só poderá utilizarse como criterio o ciclo de vida

52. polo tipo de vantaxes que outorgan, podemos distinguir entre medidas de fomento de carácter. Seleccione unha:

- a) Positivo.
- b) Xurídico e económico
- c) Xurídico.
- d) Económico.

53. ¿Cando poderán os interesados coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesado?

- a) Únicamente na fase de instrucción.
- b) Só na fase de alegacións ou trámite de audiencia.
- c) Só na fase de proba, se fixo acto de personación
- d) En calquera momento.

54. O órgano municipal competente para aprobar as bases reguladoras de subvencións é:

- a) O Pleno.
- b) A Xunta de goberno local, nos concellos onde exista.
- c) O Alcalde, en todo caso, mediante resolución motivada.
- d) Os Concellos non poden aprobar bases reguladoras das subvencións.

